



NOTA DE PRENSA DO CONCELLO DE PONTECESO

1º Taller da Escola de Pais e Nais

O vindeiro 14 de nadal levarase a cabo o 1º Taller da Escola de Pais e Nais no Concello de Ponteceso. A actividade desenvolverase ao longo do curso escolar con varios talleres que iremos anunciando. Este é o primeiro.

O acto comezará ás 10.30h na sé da Fundación “Eduardo Pondal” na parroquia de Cospindo.

Neste taller titulado “Os límites familiares”, abordaranse os seguintes temas:

- Aprender a correxir: uso de normas e límites.
- Dereitos e deberes dos fillos.
- O bo pai e o pai bo.
- O síndrome do pequeno emprendedor.

Os pais e nais interesados poden porse en contacto chamando ao Concello de Ponteceso, concretamente, ao número 981 714 000 ext 51, coa finalidade informarse e inscribirse á xornada.

Esta actividade está organizada polo Departamento de Educación do Concello de Ponteceso e o CRA de Ponteceso en colaboración coa Consellaría de Educación da Xunta de Galicia.

Ponteceso a 23 de novembro de 2010